

EN TORNO DUNHA CEA (REFLEXIÓNS SUBXECTIVAS)

GREGORIO MONTES, Antonio
IES Porta da Auga
RIBADEO

Nota: non se refire á última cea...

Tratándose da revista de Enciga, cabe esperar que este artigo verse sobre, poñamos por caso, a física ou a química do xelado que serviron na cea do Congreso. Nembargantes, non é así. Queda á benevolencia dos editores primeiro e dos lectores despois que consideren o artigo ou non, pero no seu momento fixen a proposta de que a revista servira para tratar tamén temas societarios, e intento levar adiante o que dixen. Istas reflexións son subxectivas e non obxectivas porque non tratarei tanto de analizar as cousas dun xeito racional como sentimental. Así, aproveito para facelo tamén dunha forma desenfadada, seguramente diferente dos artigos que acompañan a este na publicación.

Corroborei nada máis chegar ó restaurante (como calquera outro asociado) que había ás 11:30 da noite unhas catro ou cinco veces máis persoas que hora e media antes na Asemblea. Creo que non ten nada de raro que así sexa; polo menos, a asistencia á xunta non é anormal en relación ó que sucede noutras sociedades. Pero non deixa de chocar. Congregar socios é diferente de agregar socios, e por suposto de agredir. O que tivemos o día 26 de novembro foi un congreso, non un "agreso". No mesmo sentido que xuntar e sumar, congregar ten un significado abondo diferente de agregar. O primeiro é engadir, xuntar, mentres o segundo implica máis o sentido de anexar. En canto a congreso, trátase de reunir, congregar para deliberar, tratar cuestións previamente fixadas. No noso caso, sobre o ensino das ciencias, a aprendizaxe ou a asemblea anual. Fóra do programa, congreso tamén é ver a Miguel ou a Ramón, que facía moito tempo que non os vía e con quen teño charlas de todo tipo, incluídas as relacionadas con desenvolvemento da profesión (somos "profesores", ¿non?). Inclúen o contarnos cousas, animarnos mutuamente (razón fundamental ista)...

Para boa parte de nós, este "curriculum oculto" é o máis importante. É dicir, nun congreso, nunha asociación, búscase máis resaltar os resultados en conxunto que os de cada un, ou os intereses particulares dun subconxunto ou sección.

Por eso, polo coñecemento entre os membros, lanzo unha nova proposta: que co boletín se actualice a lista de socios e todos teñamos á nosa disposición a forma de poñernos en contacto. Desde hai a Lei de Protección de Datos, o facer eso sen permiso é ilegal, como me fixeron ver. ¿Hai inconvinte en poñer as direccións a disposicións de tódolos membros? Eso é algo a decidir por cada un de nós.

Retomo outra xa feita na assemblea: como non se pode decidir nas reunións sobre todo un ano nada máis que en liñas xerais, e hai veces que se consideran necesarias particularizacións, pode que un bó instrumento complementario fora o crear unha lista de correo sobre a sociedade, incluíndo, entre outros, ese tema. Claro que eu non podo ocuparme deles, e os pasaxeiros con dereito a remo (citado na reunión, en similitude con Asterix e Obelix) dame a impresión que xa teñen abondo.

Está claro que de assemblea en assemblea non se conecta para cambiar as ideas nin formar directivas novas. Por eso, tamén pode que sexa convinte o facer unha análise de calidade da avaliación, agora que están de moda as normas de calidade, e facer unha avaliación, co que antes teríamos que ver os obxectivos da mesma, escoller os criterios, ver os contidos, ... en fin, creo que de eso todos debemos saber algo, non só os da directiva, e como se poden facer aportacións ó longo de todo o proceso necesario de revisión, non hai disculpa para non participar. Ben, ¿Quen comeza?

E así pode seguir. Mellor que siga outro, que podo ser moi pelmazo.